

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo o Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, de acordo co procedemento de calificación previsto na convocatoria, indica en cal das seguintes situacións o aspirante perderá o dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo como consecuencia do concreto proceso selectivo:

- A) Nunca.
- B) Cando superen o período formativo.
- C) Cando superen o período establecido na convocatoria como prácticas tuteladas.
- D) Cando non superen o período formativo ou de prácticas.

2. Segundo o artigo 49 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, o desenvolvemento dun modelo de atención integral, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económica, así como actuar como centro coordinador da rede galega de acollida correspóndelle:

- A) Ao Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero.
- B) Ao Servizo de Atención 24 horas.
- C) Ao Punto de Coordinación das Órdes de Protección.
- D) Ás Oficinas de atención ás vítimas dos delitos.

3. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, indica cal das seguintes é unha falta moi grave:

- A) O descoido no cumprimento das disposicións expresas sobre seguridade e saúde.
- B) O abuso de autoridade no exercicio das súas funcións.
- C) A aceptación de calquera tipo de contraprestación polos servizos prestados aos usuarios dos servizos de saúde.
- D) O abandono do servizo.

4. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, as retribucións que se orientan prioritariamente á motivación do persoal, á incentivación da actividade e á calidade do servizo, á dedicación e a consecución dos obxectivos planificados denomínanse:

- A) Retribucións básicas.
- B) Retribucións fixas de carreira profesional.
- C) Retribucións complementarias.
- D) Retribucións variables.

5. Segundo o artigo 6 apartado 3 do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, sobre provisión de prazas de persoal estatutario no Servizo Galego de Saúde, cando as peculiaridades das tarefas específicas a desenvolver ou o nivel de cualificación requirido o aconsellen, a selección poderá realizarse polo sistema de:

- A) Oposición.
- B) Avaliación colexiada.
- C) Libre designación.
- D) Concurso.

6. Segundo o artigo 31 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia a quen lle corresponde a dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) Ao Presidente do Parlamento.
- B) Á Consellería competente en materia de facenda e administración pública.
- C) Á Consellería competente en materia de sanidade.
- D) Ao Presidente da Xunta de Galicia.

7. A quen lle corresponde, segundo o artigo 12 da Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a valoración, selección e expurgación da documentación clínica?

- A) Ao médico/a responsable da historia clínica do paciente.
- B) Ao servizo de documentación clínica/arquivo do centro sanitario.
- C) Á Comisión de Consentimento Informado.
- D) Ao Consello Asesor do Paciente.

8. Segundo o artigo 10 da Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade indica cal dos seguintes é un dereito dos cidadáns con respecto das distintas administracións públicas sanitarias:

- A) Cumprir coas prescricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación.
- B) Cumprir coas prescricións xerais de natureza específica determinadas polos Servizos Sanitarios.
- C) Colaborar no mantemento da habitabilidade das Institucións Sanitarias.
- D) Participar a través das institucións comunitarias nas actividades sanitarias, nos términos establecidos nesta Lei e nas disposicións que a desenvolvan.

9. Segundo o artigo 17 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia. Ante quen responde politicamente a Xunta de Galicia?

- A) O Senado.
- B) O Congreso dos Deputados.
- C) O Parlamento.
- D) O/A Valedora do Pobo.

10. Segundo o artigo 51 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, O Servizo de Atención 24 horas, dependente do departamento competente en materia de igualdade, cando ofrecerá atención e información integral sobre os recursos públicos e privados ao alcance das mulleres en situacións de violencia de xénero:

- A) 24 horas só os días laborais.
- B) 24 horas só de lúns a sábado.
- C) Todas as horas do día e todos os días do ano.
- D) 24 horas só de luns a a venres.

1. O ámbito de aplicación da Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, segundo o artigo 2 é:

- A) Só para establecementos sanitarios públicos dependentes da Consellería de Sanidade.
- B) Só para establecementos sanitarios de titularidade pública.
- C) Só para establecementos sanitarios públicos e privados concertados co Servizo Galego de Saúde.
- D) Para os centros e establecementos sanitarios públicos ou privados sexan ou non concertados co Servizo Galego de Saúde.

2. Segundo o artigo 17, do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sobre oferta e solicitude de prazas, o aspirante seleccionado que non opte por un destino, dentro do prazo e segundo o procedemento establecido:

- A) Non poderá ser nomeado, e quedarán sin efecto todas as súas actuacións.
- B) Queda en situación de excedencia voluntaria.
- C) Queda en situación de suspensión de funcións.
- D) Queda en situación de reingreso provisional.

